

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Decembro 2006 COMUNICADO

En 2006 os prezos de importación creceron un 5,1%, 0,6 puntos porcentuais por riba dos prezos de exportación. Estes crecementos foron os máis elevados dos últimos anos.

O índice de prezos das exportacións creceu un 8,1% en decembro de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 8,1% en decembro de 2006 con respecto a decembro de 2005. Se a serie a corriximos de estacionalidade a variación interanual acada un 8,0%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 5,0%, os prezos dos bens intermedios creceron un 3,6% e os prezos dos bens de equipo creceron un 17,6%.

O índice de prezos das importacións decreceu un 5,3% en decembro de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia decreceron un 5,3% en decembro de 2006 con respecto a decembro de 2005. Corrixido de estacionalidade os prezos das importacións decreceron un 5,2%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 7,2%; pola contra os prezos dos bens de equipo e intermedios decreceron un 12,2% e un 8,6% respectivamente.


Índices de valor unitario. Decembro 2006. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	108,8	8,1%	4,5%
Importacións/introduccións	104,5	-5,3%	5,1%
Datos corrixidos de estacionalidade			
Exportacións/expedicións	108,8	8,0%	4,5%
Importacións/introduccións	103,1	-5,2%	5,1%

FOIITE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior



No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 2000.



FOINTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>